

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE MUGARDOS O DÍA 5 DE XUÑO DE 2008.

Na Sala de Comisións da casa do concello de Mugardos, ás nove horas e cinco minutos do día cinco de xuño do ano dous mil oito, previa convocatoria e citación ao efecto, reúnese, en sesión ordinaria e primeira convocatoria, a Xunta de Goberno Local baixo a presidencia da 1ª tenente de alcalde, Dna. Carolina Cruz Fernández, en virtude da delegación conferida ao efecto mediante a resolución da alcaldía núm. 397/2008, de 04.06.08 coa asistencia das/os concelleiras/os Dna. Anxos Díaz Prados, D. Xosé Antonio Bouza Rey e D. Xosé Xoán Roca Lorenzo. Asiste tamén a interventora, Dna. Vanessa García Barreiro.

Actúa como secretario o que o é da corporación, D. Rafael Bermúdez Iglesias.

Aberta a sesión pola presidencia, éntrese no estudo e discusión dos asuntos incluídos na orde do día, adoptándose os seguintes acordos:

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR REALIZADA O DÍA 15.05.2008.

A Xunta de Goberno Local, por dous votos a favor e dúas abstencións, das concelleiras Dna. Carolina Cruz Fernández e Dna. Anxos Díaz Prados, por non ter asistido á sesión, acorda prestar a súa aprobación á acta da sesión ordinaria do 15 de maio de 2008.

2.- CERTIFICACIÓNS DE OBRAS.

A) CERTIFICACIÓN Nº 1-FINAL DA OBRA “REDE DE PLUVIAIS NAS RÚAS MARÍA E REAL”.

A Xunta de Goberno Local, tendo en conta o informe da intervención municipal, obrante no expediente, por unanimidade, acorda:

1º.- Prestar a súa aprobación á certificación nº 1-FINAL da obra de “REDE DE PLUVIAIS NAS RÚAS MARÍA E REAL”, incluída no Plan de obras e servizos (POS) 2007 da Excma. Deputación Provincial da Coruña, da que é adxudicatario D. CONSTRUCCIONES CONCIFA S.L. por importe de CINCUENTA MIL SETECENTOS VINTE E DOUS EUROS CON SETENTA E DOUS CÉNTIMOS (50.722,72 €), con cargo á partida 2008.1.441.0.62701 do orzamento vixente, así como á factura correspondente a dita certificación.

2º.- Prestar a súa aprobación á acta de recepción da devandita obra, de data 31.01.2008.

B) CERTIFICACIÓN Nº 6-FINAL DA OBRA “SEPARATA Nº 2 DO PROXECTO: SANEAMENTO EN O VILAR (1ª E 2ª FASE)”.

A Xunta de Goberno Local, tendo en conta o informe da intervención municipal, obrante no expediente, por unanimidade, acorda:

1º.- Prestar a súa aprobación á certificación nº 6- FINAL da obra de “SEPARATA Nº 2 DO PROXECTO: SANEAMENTO EN O VILAR (1ª E 2ª FASE)”, incluída no Plan de Obras e Servizos (POS) 2006, da que é adxudicatario D. PASCUAL MARTINEZ S.L., por importe de NOVE MIL DOUSCENTOS VINTE E ÚN EUROS CON TRINTA E SETE CÉNTIMOS

(9.221,37 €), con cargo á partida 2008.1.441.0.60105 do orzamento vixente, así como á factura correspondente a dita certificación.

2º.- Prestar a súa aprobación á acta de recepción da devandita obra, de data 25.02.2008.

3.- LICENZAS DE OBRAS.

Tendo en conta os informes emitidos polos/as técnicos/as municipais así como o ditame da comisión informativa de urbanismo e industria, a Xunta de Goberno Local por unanimidade acorda conceder, sen prexuízo de terceiros e deixando a salvo o dereito de propiedade, e previa aprobación da liquidación do imposto correspondente, as seguintes licenzas de obras:

Será requisito imprescindible en todas as obras dispor, ao pé da obra, de copia autorizada da licenza municipal, e nas maiores a colocación de cartel indicador no que se faga constar o nome e os apelidos dos técnicos directores e do contratista, ordenanza que se aplica, usos ós que se vai destinar a construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente.

A) LICENZAS DE OBRAS MENORES:

- **Dna. MARGARITA SAAVEDRA VILA en representación de Dna. DOLORES SAAVEDRA VILA (EXPTE. 23/2008) segundo solicitude de data 5 de febreiro de 2008,** para reforma de baño e cociña, en R/ Bello Piñeiro nº 58, 3º esq., referencia catastral: 4419010NJ6141N0007OM.

As obras consistirán no cambio de sanitarios, alicatado, instalacións eléctricas e de fontanería, solos e fiestras.

Cualificación do solo: Solo Urbano Semidenso (SU-SD).

Prazo de inicio: 6 meses.

Prazo de execución: 6 meses.

B) PECHES

- **Dna. MARÍA DEL CARMEN RODRÍGUEZ VARELA (EXPTE. 83/2007) segundo solicitude de data 17 de abril de 2007,** para peche, en Avda. da Gallada nº 18, referencia catastral: 4510601NJ6141S.

O peche será de 26,73 metros fronte á estrada da Palma e 13,87 metros entre propiedades e debendo separar 2 metros do eixo do serventío, de altura total 1,50 metros.

Entre o cruce de serventío e a estrada da Palma deberá de executar un chaflán de 3 metros de lonxitude de acordo ao artigo 78 do PXOM e cun radio de 3,25 metros.

É obrigatorio o revoque e pintado en cores que entoen coa paisaxe.

O peche non será opaco en máis de 1 metro de altura e de reixa ata acadar os 1,50 metros de altura. (De acordo ao acordo plenario de 28 de setembro de 2007, publicado no BOP o 10 de outubro de 2007).

Non se permiten os peches con mallas tipo “*galiñeiro*” ou de arames, nin os remates agudos.

Distará do eixo da vía pública 7 metros, debendo de solicitar aliñación no concello antes da súa execución.

Prazo de inicio: 6 meses.

Prazo de execución: 24 meses.

- **Dna. HERMINIA PÉREZ PUENTE (EXPTE. 5/2008) segundo solicitude de data 9 de xaneiro de 2008**, para peche, entre os números 25 e 27 da R/ Pedreira, referencia catastral: 1722010NJ6111S.

O peche é opaco en 1,00 metro e remate de celosía ata 1,50 metros de altura total medida dende a rasante da vía.

- **D. RAMÓN DÍAZ COTOS (EXPTE. 25/2008) segundo solicitude de data 5 de febreiro de 2008**, para peche de finca, en R/ Pedreira nº 50, referencia catastral: 1519003NJ6111N.

O peche dará fronte á vía pública e terá 47 metros de lonxitude. Constará dunha base maciza revestida de pedra de Santiago de 60 cm. de altura e dun remate de forxa de 60 cm. de altura.

A altura total do peche non poderá superar o 1,50 metros, non sendo opaco en máis de 1 metro.

Se se colocan portas e portóns de entrada, estes terán tamén unha altura máxima de 1,50 metros, sendo opacos como máximo 1 metro.

O peche distará do eixo da vía 8 metros, debendo solicitar aliñación ao Concello antes da súa execución.

É obrigatorio o revoque e pintado en cores que entoen coa paisaxe.

Non se permiten os peches con mallas tipo “*galiñeiro*” ou de arames, nin os remates agudos.

Cualificación do solo: Solo Urbano de Baixa Densidade (SU-BD).

Prazo de inicio: 6 meses.

Prazo de execución: 24 meses.

C) LICENZAS DE OBRAS MAIORES.

- **D. MANUEL DOPICO GARCÍA (EXPTE. 19/2008) segundo solicitude de data 23 de xaneiro de 2008**, para construción de vivenda unifamiliar, en Os Casás, referencia catastral: 0720008NJ6102S, segundo proxecto básico e de execución redactados pola arquitecta Dna. Carmen Prieto Palmeiro, visado polo C.O.A.G. en data 15.01.2008.

Unha vez constituído aval para garantir as obras de urbanización polo importe total da memoria (2.296,21 €) e asinado o correspondente contrato de cesión de terreo (9,65 m²).

O solo onde está situado ten a cualificación de SU-BD, Solo Urbano de Baixa Densidade.

A finalidade da licenza é a execución dunha urbanización ao fronte da parcela de 9,65 m², coas seguintes características:

- Limpeza e nivelación
- Sub-base de balaústre natural
- Beirarrúa de loseta hidráulica bicolor

- Colocación de encanamento
- Colocación de rexistro
- e a construción dun edificio para destinalo a vivenda unifamiliar

As condicións urbanísticas son:

	NORMA	PROXECTO
Parcela mínima	400 m ²	909 m
Fronte mínimo	12 m	12,45 m
Aliñacións	As fixadas nos planos do PXOM, 6 m. dende o eixo da vía para unha vía de 12 m.	6 m. dende o eixo da vía para unha vía de 12 m.
Edificabilidade	0,50 m ² /m ²	0,21 m ² /m ²
Ocupación máx. da parcela bruta	50 %	12 %
Recuamentos	2 m. a lindeiros	2,30 m
Altura máxima	B+1 e 7 m.	B + Bc e 5,25 m
Cubertas	As xerais do art. 84 modificado. Pendente máx. 30 ° e beirados máx. 1 m.	Cumpre
Urbanización	Resolución previa e simultánea de acceso rodado e servizos, con cesión de terreos por aliñacións e urbanización correspondente	Si

O orzamento da execución material das obras ascende á cantidade de 89.000,00 €.

A arquitecta directora da obra é a mesma que a redactora do proxecto Dna. Carmen Prieto Palmeiro, e o arquitecto técnico director das obras é D. Miguel Ángel Rodríguez Paz.

Prazo de inicio: 6 meses.

Prazo de execución: 24 meses.

Rematada a obra deberá solicitar licenza de 1ª ocupación.

O interesado, tras obter a pertinente licenza de obras, está obrigado a notificar oficialmente ó Concello, cun mínimo de 7 días de antelación, o inicio das obras correspondentes ó proxecto aprobado. No momento da notificación deberá ter efectuado os replanteos precisos. Prohíbese realizar: talas de árbores, demolicións, movementos de terras o calquera traballo que dificulte ou distorsione a apreciación municipal de as circunstancias que afecten a ditas obras. A non observancia destes extremos considerárase falta grave.

- D. FERNANDO VILLAR CARRERA (EXPTE. 197/2007) segundo solicitude de data 27 de setembro de 2007, para aliñación e construción de vivenda unifamiliar illada, en Camiño Grande s/n, referencia catastral: 5096108NJ6059N, segundo proxecto básico redactado

polo arquitecto D. Jesús A. Fernández Muiños, visado polo C.O.A.G. en data 29.09.2007, e documentación anexa visada polo C.O.A.G. en data 11.04.2008. Unha vez constituído aval para garantir as obras de urbanización polo importe total da memoria (2.757,00 €) e asinado o correspondente contrato de cesión de terreo (28,70 m²).

O solo onde está situado ten a cualificación de SNR, Solo de Núcleo Rural.

A finalidade da licenza é a execución dunha urbanización ao fronte da parcela de 28,70 m², coas seguintes características:

- Soleira de formigón armado sobre encachado de pedra
- Tubo de 40 cm. de formigón de diámetro con 3 sumidoiros
- e a construción dunha vivenda unifamiliar illada

As condicións urbanísticas son:

	NORMA	PROXECTO
Parcela mínima	300 m ² / 600 m ² (se non se acada unha consolidación mínima do 50%)	1.618 m ²
Fronte mínimo	6 m	14,58 m.
Aliñacións	Mínimo 4 m. dende o eixo da vía. As fixadas nos planos do P.X.O.M.	As fixadas nos planos do PXOM, 7 m. a eixo de vía para unha vía de 14 m.
Edificabilidade	1 m ² /m ²	0,15 m ² /m ²
Ocupación máxima de parcela bruta	50 %	15 %
Recuamentos	3 m. a lindes laterais e posterior	3 m. a lindes laterais, 25 m. linde posterior
Altura máxima	B+1 e 7 m.	B e 4 m.
Cubertas	As xerais do art. 84 modificado. Pendente máx. 3º e beirados máx. 1 m.	Cumpre
Baixo cubertas	Uso residencial vinculado á vivenda	
Escaleiras	Non se permiten exteriores agás de acceso á planta baixa	
Urbanización	Resolución previa e simultánea de acceso rodado e servizos, con cesión de terreos por aliñación e urbanización correspondente	Si

O orzamento da execución material das obras ascende á cantidade de 108.057,46 €.

O arquitecto director da obra é D. Jesús A. Fernández Muiños e o arquitecto técnico director da obra está sen nomear.

Prazo de inicio: 6 meses.

Prazo de execución: 24 meses.

Rematada a obra deberá solicitar licenza de 1ª ocupación.

O interesado, tras obter a pertinente licenza de obras, está obrigado a notificar oficialmente ao Concello, cun mínimo de 7 días de antelación, o inicio das obras correspondentes ao proxecto aprobado. No momento da notificación deberá ter efectuados os replanteos precisos. Prohíbense realizar: talas de árbores, demolicións, movementos de terras ou calquera traballo que dificulte ou distorsione a apreciación municipal das circunstancias que afecten ás devanditas obras. A non observancia destes extremos considerárase falta grave.

Previo ao inicio das obras deberá presentar proxecto de execución visado e nomeamento oficial do arquitecto técnico director da execución da obra, e obter o preceptivo permiso de inicio das obras.

Para o peche da finca deberá solicitar licenza aparte, axustándose en todo caso ao art. 309 do P.X.O.M.

- **Dna. Mª TERESA REGUEIRO ALLEGUE (EXPTE. 141/2006) segundo solicitude de data 4 de agosto de 2006**, para aliñación e ampliación de baixo cuberta en edificio illado, en Avda. Francisco Vizoso nº 77, referencia catastral: 3710109NJ6130N, segundo proxecto básico e de execución redactado polo arquitecto D. Nemesio López Alvargonzález, visado polo C.O.A.G. en data 01.08.2006.

O solo onde está situado ten a cualificación de SNR, Solo de Núcleo Rural.

Segundo resulta do informe da arquitecta asesora municipal de data 02.06.2008:

- A finca obxecto da licenza está afectada pola expropiación forzosa para a execución do proxecto de mellora da seguridade viaria nas estradas AC-122 e AC-133, previsto pola Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes, e xa foi asinada a correspondente Acta previa á ocupación.
- Non procede o requisito de asinar contrato de cesión de terreo (51 m²) e constitución de aval para garantir as obras de urbanización, con carácter previo á concesión da licenza, dado que o terreo xa é público e vai ser urbanizado na execución do proxecto arriba indicado.

A finalidade da licenza é a execución dunha urbanización ao fronte da parcela de 51 m², coas seguintes características:

- Explanación e recheo
- Colocación de tubaxe encanamento soterrado e un sumidoiro
- e a ampliación do baixo cuberta dun edificio destinado a vivenda unifamiliar

As condicións urbanísticas son:

	NORMA	PROXECTO
Parcela mínima	300 m ² / 600 m ² (se non se acada unha consolidación mínima do 50%)	1.092 m ²
Fronte mínimo	6 m	24 m.
Aliñacións	Mínimo 4 m. dende o eixo da vía. As fixadas nos planos do P.X.O.M.	As fixadas nos planos do P.X.O.M., 7 m. a eixo de vía para unha

		vía de 14 m.
Edificabilidade	1 m ² /m ²	0,34 m ² /m ²
Ocupación máxima de parcela bruta	50 %	21,6 %
Recuamentos	3 m. a lindes laterais e posterior	Os existentes
Altura máxima	B+1 e 7 m.	B+1 e 7 m.
Cubertas	As xerais do art. 84 modificado. Pendente máx. 3º e beirados máx. 1 m.	Cumpre
Baixo cubertas	Uso residencial vinculado á vivenda	Cumpre
Escaleiras	Non se permiten exteriores agás de acceso á planta baixa	Escaleira exterior legalizada en licenza anterior
Urbanización	Resolución previa e simultánea de acceso rodado e servizos, con cesión de terreos por aliñación e urbanización correspondente	Si

O orzamento da execución material das obras ascende á cantidade de 32.500,00 €.

O arquitecto director da obra é o mesmo que o redactor do proxecto D. Nemesio López Alvargonzález.

Prazo de inicio: 6 meses.

Prazo de execución: 24 meses.

Rematada a obra deberá solicitar licenza de 1ª ocupación.

O interesado, tras obter a pertinente licenza de obras, está obrigado a notificar oficialmente ao Concello, cun mínimo de 7 días de antelación, o inicio das obras correspondentes ao proxecto aprobado. No momento da notificación deberá ter efectuados os replanteos precisos. Prohíbense realizar: talas de árbores, demolicións, movementos de terras ou calquera traballo que dificulte ou distorsione a apreciación municipal das circunstancias que afecten ás devanditas obras. A non observancia destes extremos considerárase falta grave.”

4.- ESTUDO DE DETALLE PARA A CONSTRUCCIÓN DUN EDIFICIO NA RÚA CORUÑA PROMOVIDO POR GEOPROMOCIONES GALICIA S.L.: APROBACIÓN INICIAL.

A Xunta de Goberno Local, a proposta da presidencia, por unanimidade acorda deixar pendente o asunto a fin de comprobar os erros do informe da aparelladora municipal e a documentación que lle foi requirida polo informe da arquitecta.

5.- EXPEDIENTE DE ACTIVIDADE CLASIFICADA TRAMITADO A INSTANCIA DE DNA. AIDA FARIÑA PAZ PARA APERTURA E FUNCIONAMENTO DE CLÍNICA ODONTOLÓXICA EN R/MERCADO, Nº 3-1º B: LICENZA DEFINITIVA.

Vistas as actuacións e documentación obrantes no expediente tramitado a instancia de Dna. Aída Fariña Paz, en solicitude de licenza municipal para a apertura e funcionamento de “CLÍNICA ODONTOLÓXICA” a emprazar en R/ Mercado nº 3, 1º B, desta localidade.

Atendidos o informe da Consellería de Sanidade de data 19 de outubro de 2006 e o informe da arquitecta técnica municipal de data 25 de abril de 2008, e habida conta de que a instalación cumpre os requisitos esixidos pola normativa vixente.

E tendo en conta así mesmo a proposta formulada polo presidente da comisión informativa de urbanismo e industria, obrante no expediente, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade acorda:

- Primeiro.- Conceder a licenza definitiva para a instalación da actividade solicitada.
- Segundo.- Notificar o presente acordo aos interesados.

6.- ADXUDICACIÓN DAS OBRAS DE “ACONDICIONAMENTO LOCAL SOCIAL EN R/CASTELAO”, INCLUÍDA NO PLAN DE OBRAS MUNICIPAIS 2008.

Vista a proposta de adxudicación formulada pola Mesa de Contratación a favor de D. TERRAUGA PROYECTOS Y OBRAS S.L., a Xunta de Goberno Local por unanimidade acorda:

1º.- Declarar válida a licitación e adxudicar provisionalmente a obra “ACONDICIONAMENTO LOCAL SOCIAL EN R/CASTELAO”, incluída no plan de obras municipais 2008, a D. TERRAUGA, PROYECTOS Y OBRAS S.L., no prezo desglosado que figura a continuación:

- A) Prezo sen I.V.E.: 69.464,09 €
- B) I.V.E. 11.114,25 €
- C) Total (A + B): **80.578,34 €**

e de acordo coas seguintes anualidades:

Anualidade 2008: 50.000 €

Anualidade 2008: 30.578,34 €

2º.- Aprobar o gasto correspondente á anualidade 2008 con cargo á partida 2008.0.313.0.62200, quedando condicionada a anualidade do 2009 ao crédito que para dito exercicio se consigne no orzamento.

3º.- Publicar o presente acordo no Boletín Oficial da Provincia (B.O.P).

4º.- Requerir ao adxudicatario provisional para que no prazo de quince días hábiles contados desde o seguinte a aquel en que se publique o acordo no B.O.P. constitúa a garantía definitiva por importe do 5% do prezo de adxudicación, excluído o IVE, isto é, 3.473,20 euros, e presente - no caso de non telo feito no momento de presentar a súa proposición - a documentación xustificativa de estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

5º.- Notificar o presente acordo ao adxudicatario provisional e ao resto dos licitadores.

7.- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE “OBRAS COMPLEMENTARIAS ACONDICIONAMENTO E MELLORA DO PAVILLÓN MUNICIPAL DE DEPORTES DE O CRISTO”.

A proposta da presidencia, tras deliberación, a Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda deixar pendente este asunto a fin de comprobar as obras efectuadas e as que quedan pendentes na citada obra.

8.- ADOUSIÇÃO DE PARCELAS.

A Xunta de Goberno Local, tendo en conta o informe pericial emitido pola arquitecta asesora Dna. Aranzazu Garnelo Preciado, en data 12.12.2005, e os informes do Secretario da Corporación e da Intervención Municipal, obrantes no expediente, así como o ditame da Comisión Informativa de Urbanismo e Industria, por unanimidade **ACORDA:**

Primeiro.- Adquirir a D. JUAN BALDOMERO FREIRE CASTRO, con D.N.I. 32.452.884-E e Dna. MARIA TERESA FREIRE CASTRO, con D.N.I. 32.555.783-L, a seguinte finca:

“Municipio de Mugarodos. Na rúa Cano, un terreo da superficie de oitenta e catro metros cadrados, que linda: norte, Dna. Josefina Ares Castro e Herdeiros de Remedios Porta Casal; Este, Herdeiros de Remedios Porta Casal e de Teresa Casal Maceiras e José Porta Acego; Oeste, Antonio Linos López e Francisco López Leiros; e Sur, Francisco López Leiros, Antonio Linos López e Herdeiros de Teresa Casal Maceiras “.

Referencia catastral: 0324229NJ16102S0001YE.

O prezo total desta adquisición será de 6.000 euros.

Segundo.- Aprobar o gasto pola contía total de 6.000 euros, con cargo á partida 2008.0.432.0.60000.

Terceiro.- Facultar ò Sr. Alcalde-Presidente para que, en representación do Concello, proceda á sinatura de cantos documentos sexan necesarios para a execución deste acordo.

Así mesmo, a Xunta de Goberno Local, en relación coa finca a adquirir a D. ANTONIO LINOS LOPEZ, sita na rúa da Eira, referencia catastral 0324227NJ6102S, por unanimidade, acorda que se lle dirixa escrito ao efecto de que comunique se acepta o prezo ofertado - 7.714,30 euros – e para a presentación de documento acreditativo da propiedade da finca.

9.- ACEPTACIÓN CESIÓN DA PARCELA REFERENCIA CATASTRAL 35190.05: ESPECIFICACIÓN DO CARÁCTER DOS BENS.

Visto que a efectos de formalizar a cesión é necesario especificar o carácter do ben, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

1º.- Ratificar o acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local en sesión realizada o día 02.06.05 que copiado literalmente di:

1.- Aceptar a cesión gratuíta da finca con referencia catastral 35190-05 na Avenida do Seixo, efectuada por D^a Juana Vázquez Domínguez e D. Bernardo Máiz Vázquez.

A presente cesión que condicionada á súa reversión no caso de non ser destinada a uso

recreativo.

2.- Facultar ao sr. Alcalde, D. Xosé Fernández Barcia para a sinatura da correspondente escritura e de cantos documentos sexan necesarios para a execución deste acordo.

2º.- Especificar que a devandita finca ten o carácter de ben de dominio público por estar destinado a uso público.

10.- APROBACIÓN DO GASTO.

Tendo en conta a relación de gastos elevada á Xunta de Goberno Local pola Intervención Municipal, obrante no expediente, e en base á delegación prevista no punto 5 do apartado terceiro da Resolución da Alcaldía 373/2007, de 19 de xuño de 2007, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

1º.- Prestar a súa aprobación á seguinte relación de gastos para a súa autorización, disposición e recoñecemento da obriga nun só acto en virtude do establecido no apartado 22º das Bases de Execución do Orzamento de 2008, coa aplicación orzamentaria, natureza do gasto e importe que a continuación se detalla:

Rex.	Fact	Partida	Provedor e Concepto	Importe
879	1236	2008.0.442.0.22713	SOGAMA, S.A. TRATAMENTO RU PLANTA DE NARÓN, MES ABRIL	9.424,74 €
895	201722357	2008.0.441.0.22101	EMPRESA MIXTA DE AUGAS DE FERROL, S.A. SUBMINISTRACIÓN DE 52186 M3 DE AUGA, MES ABRIL	5.985,94 €
896	5/2008	2008.0.611.0.22708	GONZALO RGUEZ FERNÁNDEZ 5% IMPORTE LIQUIDACIÓN 2/2008	7.031,27 €
899	MG04/200 8	2008.0.313.0.22718	ANA NAYA GARCIA, S.L. SERVIZO PÚBLICO DE ATENCIÓN Á INFANCIA, MES ABRIL	5.995,47 €
900	974	2008.0.451.0.22715	SIDECU, S.L. MONITOR ESCOLAS CULTURAI, INFORMÁTICA, PINTURA E MÚSICA, ABRIL.	7.668,83 €
901	976	2008.0.452.0.22715	SIDECU, S.L. MONITOR ESCOLAS DEPORTIVAS, MES ABRIL	3.996,55 €
914	713502	2008.0.121.0.22500	DEPUTACIÓN DE A CORUÑA TAXA BOP APROBACIÓN INICIAL ORDENANZAS FISCAIS	4.148,30 €
922	300408	2008.0.422.0.22200	UNIÓN FENOSA DISTRIBUCION S.A. ENERXIA ELECTRICA ESCOLAS,11.02/11.04.08	3.725,37 €
923	300408	2008.0.432.0.22200	UNIÓN FENOSA DISTRIBUCION S.A. ENERXIA ELECTRICA ALUMEADO PUBLICO,11.02/14.04.08	15.033,77 €
944	184	2008.0.432.0.22710	CALSOMATU,S.L. MANTEMENTO E CONSERVACIÓN ALUMEADO PUBLICO,ABRIL	3.060,29 €

1014	08/08	2008.0.432.0.22706	YOLANDA MAURIZ BASTIDA HONORARIOS DIRECCIÓN DE OBRA PROXECTO ELIMINACIÓN BARREIRAS ARQUITECTONICAS, COLEXIO UNIÓN MUGARDESA	3.016,00 €
1024	93/2008	2008.0.432.0.22706	SERUMANO S.L. COORDINACION DE SEGURIDADE E SAÚDE OBRA ESCOLA DE NOVÁS	5.202,60 €

11.- AXUDAS ECONÓMICAS PARA REHABILITACIÓN DE FACHADAS.

Tendo en conta o informe desfavorable da arquitecta asesora municipal de data 08.04.2008, e o ditame desfavorable da comisión informativa de urbanismo e industria, así como que no trámite de audiencia á interesada por esta non se ten presentado alegación ningunha.

E tendo en conta así mesmo a proposta formulada polo presidente da comisión informativa de urbanismo e industria, obrante no expediente, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda denegar a seguinte solicitude de axudas económicas para rehabilitación de fachadas:

- **Dna. TERESA GARCÍA RAÑALES (N.R.E: 494/29.01.2008)**, para rehabilitación de fachada na Avda. do Mar nº 33, 2º, referencia catastral: 0328015NJ6102N0003DB, por non cumprir o art. 3 do Capítulo II das normas de aplicación de axudas para a rehabilitación de fachadas, que fixa:

c) que a superficie da fachada a rehabilitar sexa como mínimo o 50 % da fachada total da edificación.

Enténdese polas medicións e orzamento aportados que a intervención ten como obxecto mellorar as condicións da fachada correspondente á planta 2ª, reparando a superficie e aplicando pintura ao silicato, en total 17,10 m² de superficie, cando a fachada ten (deducindo ocos) 42 m² aproximadamente. A intervención proposta límitase ao 40 % da fachada.

12.- EXPEDIENTE DE INFRACCIÓN URBANÍSTICA INCOADO A D. AGUSTÍN ÁNGEL SANTIAGO PEREIRA POLA REALIZACIÓN DE OBRAS SEN LICENZA EN A REDONDA, Nº 7.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda deixar pendente este punto ao observar, tras o exposto polo secretario da corporación que:

- O expediente de protección da legalidade que se lle instruíu ao interesado finalizou coa demolición do ordenado, tal como consta no informe de execución emitido por Dna. Elisa Garciar oygorri Bellas, arquitecto técnico asesor, en data 26.06.2007, e obrante no expediente.
- Que o interesado solicita licenza para colocación dun portalón en A Redonda, núm. 7, sobre a que non recaeu expediente de protección da legalidade urbanística algún.
- Que polos/as técnicos/as municipais se emita informe sobre a execución, con posterioridade á execución da demolición citada, dunha celosía enriba do muro, por si tivera que ser obxecto de novo expediente de protección da legalidade urbanística.

Sen máis asuntos para tratar, ás nove horas e vinte e sete minutos do día ao comezo sinalado, a sra. Alcaldesa accidental levanta a sesión, de todo o cal eu, como secretario da corporación, dou fe.

Vº. e praxe
A ALCALDESA ACCTAL.